


| | | |
|--|-----------------------------------|--------------------------------|
| <i>Dependencia</i> XOB.- Negociado de Xestión de Obras e Proxectos 466.- TVAZH | | |
| <i>Documento</i> XOB1111TH | <i>Expediente</i> XOB/296/2017 | <i>Fecha</i> 22-08-17 11:53 |



EXPEDIENTE: **INSTALACIÓN DE CUBERTAS PORTANTES PARA AS AREAS DE XOGO INFANTÍS DE FONTIÑAS E O CASTIÑEIRIÑO**

ASUNTO: **PREGO DE CONDICIÓN TÉCNICAS**

1. SOBRE AS ESPECIFICACIÓN TÉCNICAS

1.1. Antecedentes

No termo municipal de Santiago de Compostela, xorde a necesidade de adquirir e instalar unhas cubertas portantes en dúas áreas infantís concretas, que son as existentes no parque infantil de As Fontiñas I (rúa Lisboa) e no parque infantil de O Castiñeiríño.

1.2. Obxecto

O obxecto do dito procedemento aberto é, polo tanto, a subministración e instalación das cubertas nas dúas zonas infantís indicadas, incluíndo a pequena obra civil complementaria e a mesma estrutura portante.

A cuberta do escenario será en membrana arquitectónica ou cuberta téxtil, con puntos de apoio que traballará a tensión a través da inclinación dos seus matros a cal, suxeita por cables, permite estender a membrana para cubrir a área sinalada.

Como adición a todo o exposto, débense considerar tódolos traballos da obra civil necesarios para a construción da cuberta, como a colocación de dados nos que se poidan apoiar os mastros que tensionan o tecido poliéster.

1.3. Características dos materiais que hai que empregar

Será de obrigado cumprimento, que as pezas, os repostos, os módulos e os demais equipos que compoñen a instalación, teñan o certificado correspondente de Normalización e Homologación, e cumpran coa normativa ou o seu equivalente. Trátase de acadar unha serie de obxectivos que se poderían resumir como se detalla:

- En primeiro lugar, cumprir cos máximos niveis de seguridade respectando as normativas aplicables.
- En segundo lugar, incrementar o valor lúdicos das instalacións novas.
- En terceiro lugar, conseguir un valor estético e a máxima comodidade das ditas instalacións.

1.4. Obrigas do contratista

A presentación efectuarase segundo as condicións que de seguido se detallan, das que se derivan dereitos e obrigas das dúas partes contratantes

- Instalación dos elementos que compoñen a cuberta nas áreas de xogo indicadas, suxeita á normativa indicada no punto anterior.
- Dispoñer do persoal necesario, tanto en número como en capacidade profesional e contía mínima, así coma dos medios auxiliares necesarios para a realización axeitada da instalación e da montaxe.
- Disponibilidade dos almacéns, materiais e dos repostos necesarios nas contías mínimas que garantan o desempeño racional dos labores asignados.
- Para a instalación da cuberta, se fora necesario desmontar os xogos existentes ou calquera outro elemento, será a empresa encargada da instalación da cuberta quen deba desmontar, acopiar e volver a montar os elementos.
- No caso de que para a execución da cimentación requira da demolición de parte do pavimento existente, todo o pavimento ou acabados que puidese verse afectado, (tanto o caucho, lousas de pedra da soleira ou bancada, pavimento de baldosa hidráulica, etc...) haberá de repoiñerse ao seu estado orixinal.

| | | |
|--|-----------------------------------|--------------------------------|
| <i>Dependencia</i> XOB.- Negociado de Xestión de Obras e Proxectos 466.- TVAZH | | |
| <i>Documento</i> XOB1111TH | <i>Expediente</i> XOB/296/2017 | <i>Fecha</i> 22-08-17 11:53 |

1.5. Inicio dos traballos

Logo de ser aprobado o proxecto pola administración e efectuado o seu replanteo, o contratista realizará a instalación. Rematada a instalación, entregarase un plano acompañado das fotografías realizadas despois da actuación.

1.6. Control de calidade

O Concello, a través dos servizos técnicos municipais, resérvase o dereito a rexeitar aqueles elementos ou compoñentes, que non cumpran as especificacións do fabricante orixinal ou, no seu defecto, as características que lle sexan comunicadas polos fabricantes. O importe dos ensaios, irán pola conta do adxudicatario.

O contratista estará obrigada a substituír, de xeito inmediato e sen cargo para o Concello, os elementos ou compoñentes que non cumpran coas especificacións ou que non superen os ditos ensaios, con independencia da aplicación do réxime sancionador establecido.

1.7. Protección medioambiental

É interese primordial do Concello, que este proxecto destaque pola protección medioambiental e evitar, na medida do posible, ocasionar molestias ao cidadán, dado que os traballos se van realizar na vía pública e nos parques e xardíns.

Así mesmo, tanto os equipos empregados coma os traballos realizados, deberán cumprir escrupulosamente co disposto na normativa sobre contaminación acústica vixente.

1.8. Eliminación dos residuos

Os residuos resultantes da realización dos traballos, así como as embalaxes, os envases baleiros, etc, serán retirados polo contratista, sen que poidan permanecer no lugar da subministración.

Segundo o establecido no Real decreto 105/2008 de 1 de febreiro, polo que se regula a produción e xestión dos residuos da construción e demolición (RCDS) e os requisitos ambientais do Departamento de Parques e Xardíns, as empresas contratistas e subcontratistas das obras deberán:

- Incluir nos proxectos de execución un "Estudo de xestión de RCDS" co contido mínimo indicado no artigo 4.1 do Real decreto 105/2008.
- Xestionar os RCDS segundo a lexislación aplicable e os criterios que lle sexan indicados polo Departamento de Parques e Xardíns.
- Dispoñer da documentación que acredite que os RCDS realmente producidos foron xestionados, de se-lo caso, na obra ou tratados por tratados por un xestor autorizado, nos termos establecidos na lexislación e no Estudo de xestión. A dita documentación deberase por a disposición do Departamento de Parques e Xardíns.

1.9. Protección, sinalización e información dos traballos

Por se tratar de traballos que se van facer na vía pública e nos parques e xardíns, considérase de vital importancia a adopción das medidas de seguridade que hai que adoptar, as cales deberán garantir, ao máximo, a eliminación dos riscos para os cidadáns, acompañantes ou dos mesmos traballadores.

A zona de traballo deberase acoutar por medio de valos metálicos e sinalizarse axeitadamente segundo prescriben as ordenanzas en vigor, para os traballos na vía pública.

Para o caso de ter que ocupar temporalmente a zona da calzada, aínda que sexa por un espazo de tempo curto, será imprescindible a adopción das medidas prescritas na Lei e nos Regulamentos de Seguridade Vial.

1.10. Plan de riscos laborais

O concursante deberá elaborar e presentar coa súa proposta, a avaliación dos riscos de tódalas actividades que vaia realizar.

Segundo esta avaliación, redactará un documento informativo para os traballadores, no que describa os riscos aos que estarán expostos, e as medidas preventivas que deben levar a cabo para reducidos ou eliminalos.

| | | |
|--|-----------------------------------|--------------------------------|
| <i>Dependencia</i> XOB.- Negociado de Xestión de Obras e Proxectos 466.- TVAZH | | |
| <i>Documento</i> XOB1111TH | <i>Expediente</i> XOB/296/2017 | <i>Fecha</i> 22-08-17 11:53 |

Doutra banda, acreditará a existencia de técnicos expertos en prevención de riscos laborais na empresa, para cando a situación así o requira.

1.11. Horario de traballo

Coa fin de optimizar os recursos e a boa xestión da obra, o horario para a realización dos traballos e a forma de distribuír a súa asignación, será potestade do contratista, logo da aprobación polo Concello.

1.12. Emerxencias

Os licitadores deberán presentar un protocolo de actuación para os casos de urxencia ou posible risco, describindo explicitamente as actuacións previstas en función do tipo de situación.

1.13. Administración do servizo

O adxudicatario será responsable da administración do contrato, limitándose o Concello a dispoñer da estrutura técnica de supervisión e control para establecer os plans, coordinar os traballos, controlar as execucións e, polo xeral, verificar e asegurar que os diferentes elementos das áreas de xogo están en condicións de satisfacer as súas esixencias.

1.14. Responsabilidades xerais

O adxudicatario será responsable dos equipos, da maquinaria e das instalacións, do seu control e funcionamento, da conservación de cadanseu compoñente durante o período da garantía, da calidade dos materiais empregados e das montaxes efectuadas nas modificacións, melloras, reemprazos e subministracións que efectúa.

1.15. Responsabilidade en relación con accidentes, danos ou inconvenientes causados polas instalacións ou realización dos traballos

O adxudicatario será responsable dos accidentes ou dos danos de calquera natureza causados polo transporte, así coma dos posibles prexuízos causados aos terceiros durante os traballos de execución das obras.

1.16. Responsabilidade respecto ao municipio

O adxudicatario será, así mesmo, responsable do cumprimento das disposicións incluídas nas ordenanzas que afecten aos traballos que hai que realizar.

1.17. Seguro

O adxudicatario estará obrigado a subscribir unha póliza de seguros, segundo o disposto no PREGO DE CLÁUSULAS ADMINISTRATIVAS PARTICULARES. A dita póliza cubrirá o posibles danos, ás persoas ou ás cousas, que se puideren producir durante a execución dos traballos contratados, na que se estenderá a condición de interesado ao Concello de Santiago de Compostela.

Tódolos gastos correspondentes a esas pólizas, serán pola conta do adxudicatario.

1.18. Prazo de subministración e instalación

Logo de ser aprobado o proxecto pola administración e efectuado o seu replanteo, o contratista realizará a instalación. Rematada a instalación, levantarase un plano definitivo acompañado das fotografías realizadas despois da actuación.

O prazo de execución que se ha computar, será o sumatorio do correspondente á fase de redacción de proxecto + fase da fabricación + fase da instalación (15 + 45 + 30 = 90 días).

1.19. Orzamento da licitación

Ascende o orzamento total da subministración e instalación á cantidade de 165.000 €, que incrementada co 21% de IVE, supón un ORZAMENTO TOTAL DE EXECUCIÓN POR CONTRATA de cento noventa e nove mil seiscentos cincuenta euros (199.650€).

| | | |
|--|-----------------------------------|--------------------------------|
| <i>Dependencia</i> XOB.- Negociado de Xestión de Obras e Proxectos 466.- TVAZH | | |
| <i>Documento</i> XOB1111TH | <i>Expediente</i> XOB/296/2017 | <i>Fecha</i> 22-08-17 11:53 |

1.20. Bases técnicas para a redacción do proxecto

Presentarase unha oferta para cadansúa área de xogo.

a) Parque de Fontiñas:

Adquisición e colocación dunha estrutura de cubrición dos xogos infantís inscritos na superficie do parque existente, cunha superficie aproximada de 500 m², cuxo cálculo e instalación será pola conta do adxudicatario e irá visada por un técnico competente.

Indicarase o tipo de estrutura, especificando os materiais que se van empregar, tanto nos piares, correas como da cuberta. Así mesmo, deberase achegar un certificado sobre a seguridade da cuberta, xa que vai instalada nunha área de xogos infantís.

Igualmente, deberanse instalar os puntos de luz necesarios para dotar á zona da iluminación artificial axeitada, que irá conectada á rede do alumeadado público.

b) Parque do Castiñeiríño.

Adquisición e colocación dunha estrutura de cubrición dos xogos infantís inscritos nun rectángulo de 15 m por 10 m de lado, con una superficie de aproximadamente 150 m², cuxo cálculo e instalación será pola conta do adxudicatario e irá visada por un técnico competente.

Indicarase o tipo de estrutura, especificando os materiais que se van empregar, tanto nos piares, correas como da cuberta. Así mesmo, deberase achegar un certificado sobre a seguridade da cuberta, xa que vai instalada nunha área de xogos infantís.

Igualmente, deberanse instalar os puntos de luz necesarios para dotar á zona da iluminación artificial axeitada, que irá conectada á rede do alumeadado público.

Debaxo da protección da cubrición, preténdese incluír non soamente os xogos infantís, senón tamén os bancos onde os familiares víxian os nenos.

Ademais do anteriormente sinalado, deberase achegar:

- Os fabricantes deberán acredita-lo cumprimento da Normativa de calidade ISO 9001 e de respecto medioambiental ISO 14001.
- Infografía da área de xogos na súa situación proxectada, incluíndo a estrutura cuberta.
- No apartado relativo á cuberta, achegaranse os planos acoutados das estruturas da cubrición, indicando as cimentacións, os piares, a estrutura e a cuberta. Achegarase unha memoria dos materiais tanto dos piares coma das correas, as cerchas e as cubertas. Os piares e o resto das estruturas, poderán ser de madeira laminada, metálicos ou de calquera outro material proposto polo adxudicatario. As cubertas poderán ser téxtiles, teflónicas ou semellantes, metálicas, de madeira ou de calquera outro material proposto polo adxudicatario.
- Tanto o cálculo como a subministración e instalación das cubertas, será pola conta do adxudicatario, así como a súa certificación en seguridade e o visado.

1.21. Presentación das ofertas

SOBRE B: Proxecto e memoria técnica

Achegaranse os seguintes documentos para cadansúa área:

- Proxecto desenvolvido segundo as especificacións reflectidas nas Bases Técnicas (memoria, planos, infografía, etc)
- Compromiso de certificación da seguridade do conxunto.
- CD ou DVD cos planos de cadansúa área en formato DXG, DWG ou DGN.

SOBRE C: Proposición económica e prazo

No relativo á proposición económica, deberase indicar:

- O prezo total do contrato.

| | | |
|--|-----------------------------------|--------------------------------|
| <i>Dependencia</i> XOB.- Negociado de Xestión de Obras e Proxectos 466.- TVAZH | | |
| <i>Documento</i> XOB1111TH | <i>Expediente</i> XOB/296/2017 | <i>Fecha</i> 22-08-17 11:53 |

- O prezo total de cadansúa área.
- O orzamento detallado de cadansúa área.

No relativo ao prazo, deberase indicar:

- Prazo da fase do proxecto.
- Prazo da fase da fabricación.
- Prazo da fase da instalación.

Santiago de Compostela, 4 de agosto de 2017

Antonio Ranedo Santillana
Xefe do Servizo de Proxectos e Obras



